



PROGRAMA

NON TE ESQUEZAS DA TÚA ROUPA!

DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 18/01/2022

DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 24/02/2022

DATA DA ÚLTIMA REVISIÓN: 18/01/2022



ÍNDICE

0. A ROUPA PERDIDA, UN PROBLEMA COMÚN.....	3
1. IDENTIFICACIÓN DAS PRENDAS DE ROUPA.....	4
2. RECOLECCIÓN DA ROUPA.....	5
3. RECUPERACIÓN DA ROUPA.....	7
4. DOAZÓN DA ROUPA.....	8
5. OUTROS OBXECTOS.....	9
6. ANEXOS 1. ETIQUETAS DE PERCHAS PARA IMPRIMIR.....	10



0. A ROUPA PERDIDA, UN PROBLEMA COMÚN.

É moi importante educar e concienciar ao alumnado no coidado das súas cousas e no respecto polas dos demais. Esta labor ten que comezarse no seo familiar, inculcando e desenvolvendo a memoria, a atención, a responsabilidade e o respecto por todos os obxectos que teñen un valor, sexan propios ou non. Dentro deses obxectos propios, están as prendas de roupa e os complementos.

En todos os cursos, o persoal que traballa no CEIP San Martiño atópase desbordado/a por este tema, xa que a roupa se acumula, os/as seus/súas donos/as non aparecen e non temos un espazo para almacenala.

Para o CEIP San Martiño isto é un problema, e queremos solucionalo.

Por iso, nace o programa NON TE ESQUEZAS DA TÚA ROUPA!, que o que pretende é cada día haxa menos roupa perdida, e a que se perda de forma definitiva, teña unha nova vida nun período curto de tempo.

As medidas que propoñemos para que isto non suceda, poderanse ler a continuación.



1. IDENTIFICACIÓN DAS PRENDAS DE ROUPA.

É importante que as prendas de roupa veñan marcadas co nome do neno ou nena, independentemente da súa idade. Este é o primeiro paso para poder recoñecer e recuperar a roupa en caso de perda.

É responsabilidade de cada familia de que isto sexa así.

Como marcar a roupa co nome do neno/a?

Existen varias alternativas para poder marcar a roupa como as seguintes:

- Na propia etiqueta feita por diferentes marcas comerciais.
- Na etiqueta onde pon a talla da prenda.
- Con etiquetas termo fusibles personalizadas.



2. RECOLECCIÓN DA ROUPA.

Cando algún mestre/a, alumno/a ou persoal non docente, identifique algunha prenda de roupa perdida en diferentes lugares do colexio, por estar tirada esta no chan, levar varios días apoiada no mesmo lugar...levarase ao percheiro situado na entrada do colexio e colgarase nunha percha, ou se non fose unha prenda de colgar, depositarase no caixón correspondente.

Ao facer este procedemento, collerase unha etiqueta e apuntarase a data na que esa prenda foi depositada no percheiro.



Foto do percheiro



Foto caixón para obxectos



Etiqueta cuberta na percha



3. RECUPERACIÓN DA ROUPA.

Tanto o alumnado, como as familias, poderán recuperar a roupa extraviada realizando os seguintes pasos:

ALUMNADO.

Cando un alumno/a se dea conta de que extraviou unha prenda, poderá acudir ao percheiro, previo aviso á mestra titora, a comprobar se se atopa nel. Se alí se atopa, collerá a prenda, destruirá a etiqueta coa data de entrada e deixará a percha colgada de novo.

FAMILIAS.

Cando sexan as propias familias as que se dean conta de que o neno/a extraviou unha prenda de roupa, poderán vir ao centro educativo a recuperala.

Isto poderá facerse todos os **martes** entre as **16:30h.** e as **17:00h.** aproximadamente, avisando ao conserxe cando se acceda ao centro educativo, ou no seu defecto, a algún/ha mestre/a que se atope dispoñible nese momento.

Cando se recupere unha prenda, deberase destruír a etiqueta e deixar a percha colgada de novo.

IMPORTANTE.- Non haberá ningún mestre/a supervisando este proceso, xa que confiamos na honradez da comunidade educativa.



4. DOAZÓN DA ROUPA.

Unha vez ao mes, un/ha mestre/a encargárase da revisión da roupa depositada no percheiro e a data de entrada das diferentes prendas. Cando a estancia da roupa, segundo a data de entrada que aparece na etiqueta correspondente, supere o mes, procederase a retirala do percheiro e darlle unha nova vida á mesma.

O centro educativo encargárase da doazón das prendas de roupa a diferentes asociacións, que serán decididas polo equipo docente.



5. OUTROS OBXECTOS

No caso de outros obxectos como poden ser as fiambreiras, botellas de auga, roupa interior, complementos varios para a cabeza e o pelo...procederáse ao seu análise, para decidir se se lle dá un novo uso, ou se tira ao lixo.



6. ANEXOS 1. ETIQUETAS DE PERCHAS PARA IMPRIMIR.

DATA DE ENTRADA

NON TE ESQUEZAS DA
TÚA ROUPA!
CEIP SAN MARTIÑO

DATA DE ENTRADA

NON TE ESQUEZAS DA
TÚA ROUPA!
CEIP SAN MARTIÑO

DATA DE ENTRADA

NON TE ESQUEZAS DA
TÚA ROUPA!
CEIP SAN MARTIÑO

DATA DE ENTRADA

NON TE ESQUEZAS DA
TÚA ROUPA!
CEIP SAN MARTIÑO

DATA DE ENTRADA

NON TE ESQUEZAS DA
TÚA ROUPA!
CEIP SAN MARTIÑO

DATA DE ENTRADA

NON TE ESQUEZAS DA
TÚA ROUPA!
CEIP SAN MARTIÑO